

UGT, CSIF E CC.OO. INICIAN O TRABALLO COS GRUPOS PARLAMENTARIOS NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA A REACTIVACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS

Santiago de Compostela 20/02/24

A Unidade de Acción que formamos **UGT**, CC.OO. e CSIF mantivemos reunións cos Grupos Parlamentarios de PSOE e SUMAR no Congreso dos Deputados, como continuidade ao traballo iniciado co Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Trasladámoslles que levamos traballando dúas legislaturas que non é a primeira vez que un texto normativo decae en “saco roto”, e que seguiremos traballando para que o **persoal bombeiro forestal teña un Estatuto Básico** que **regule** a profesión e **homoxeneice** ao persoal e, con elo lograr unha mellora dos dispositivos de loita contra incendios forestais.

O obxectivo destas reunións foi unha primeira toma de contacto ante a próxima entrada no Congreso dos Deputados dun **texto de Lei Básica do persoal Bombeiro Forestal** para o seu trámite parlamentario.



Nas reunións mantidas cos grupos políticos, tamén lles **aportamos** aquelas **cuestións** que consideramos de **vital importancia para o colectivo** e **que debería conter a futura Lei**, e a importancia que ten que o **Estatuto Básico sexa unha realidade canto antes**.

Ambos partidos nos trasladaron o seu interese en que esta Lei saia adiante dada a importancia que ten regular unha cuestión esencial como son os incendios forestais e as condicións das persoas que nos dedicamos a esta actividade.

Durante as **próximas semanas**, seguiremos realizando **reunións con todos os grupos parlamentarios**, para **seguir traballando de cheo en todo o trámite legislativo**.

